



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

**O.E.P. 2017-2018-2019  
BOMBEIRO, QUENDA LIBRE  
ACORDO DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS Á FASE DE CONCURSO**

O órgano de selección do proceso selectivo para a provisión en propiedade de prazas de funcionario de carreira bombeiro (C2), vacantes nos cadros de persoal do Concello Vigo dos anos 2017, 2018 e 2019, sistema de selección concurso oposición, doce prazas por quenda libre, (bases xerais e específicas publicadas no BOPPO 07/07/2020, rectificación de erros no BOPPO 26/10/2020), en sesión do día 18/02/2021, ditou o seguinte ACORDO de resolución das reclamacións presentadas á valoración da fase de concurso:

**“1.- Reclamación presentada por Álvarez Pedrosa, David José:**

**Motivo:** Indica que se lle valoraron os méritos con cero puntos. Que é bombeiro condutor no parque de bombeiros de Monforte de Lemos desde o 11/10/2012. Que non lle foi posible conseguir certificado de servizos presentados ó non existir a UTE Hasa Natutechnia para a que prestaba servizos. Que achega, agora, contrato de traballo inicial do 01/10/2012, vida laboral, certificación do consorcio de Lugo de servizos prestados do 01/05/2019 ó 08/10/2020.

**Acordo:** A Base “Décimo Tercera.- Presentación de Documentación” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O parágrafo sexto da referida Base sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*

Asemade, o parágrafo penúltimo da dita base sinala que *“non se pode aportar nova documentación para acreditar méritos só alegados”*.

Por tanto, o órgano de selección, como non podería ser doutra maneira, aplicou idéntico criterio para a valoración dos méritos de todos aspirantes admitidos no proceso selectivo de acordo co establecido na dita base, é dicir, que achegara a documentación no prazo de presentación de instancias achegando copia simple do documento acreditativo dos méritos e vida laboral actualizada.

O reclamante coa súa solicitude de participación no proceso selectivo de data 07/10/2020 achego documentación relativa a servizos prestados, pero non achegou a vida laboral expedida pola seguridade social, requisito imprescindible para valorar os servizos prestados. A nova documentación que achega co escrito de reclamación non pode valorarse ó resultar presentada fóra do prazo legalmente establecido.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 1 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

2.- Reclamación presentada por Arias Penas, Daniel:

Motivo: Achega curso básico de protección civil para a súa valoración.

Acordo: Sinalase, igual que o resolto anteriormente, que a Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación*” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

A documentación foi presentada fóra do prazo legalmente establecido.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

3.- Reclamación presentada por Blanco Casás, Iago:

Motivo: Alega que no momento de facer a instancia non se lle facilitou a opción de poder achegar o diploma para acreditar os méritos correspondentes ó curso básico de protección civil, xa que non era posible por erro informático e achégao agora coa reclamación e solicita que se lle valore.

Acordo: A Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación*” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

Asemade, o parágrafo penúltimo da dita base sinala que “*non se pode aportar nova documentación para acreditar méritos só alegados*”.

Non existe constancia de ningún erro informático e proba disto é que puido efectuar a súa solicitude de admisión no proceso selectivo. O rexistro web municipal permite achegar documentación e subir arquivos dixitais. Asemade, conforme ó artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación puido tela remitido ó Concello de Vigo a través de calquera das formas que se sinalan no citado precepto.

A documentación achegada agora coa reclamación resulta fóra do prazo legalmente establecido.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

4.- Reclamación presentada por Comesaña Martínez, Brais:

Motivo: Alega á valoración dos méritos na fase de concurso. Indica que se remite a documentación xa presentada e volve a aportala novamente coa alegación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 2 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Acordo: Reitérase que a Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación*” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O alegante non se lle valorou ningún mérito todo vez que a documentación acreditativa destes aportouna en data 28/01/2021 (doc. 210013939) cando xa tiña rematado o prazo legalmente establecido, polo que foi presentada fóra de prazo ou extemporaneamente.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación presentada.

5.- Reclamación presentada por De la Fuente Iglesias, Juan José:

Motivo: Alega que á solicitude núm. 200180768, engádenselle dúas solicitudes con documentación de méritos que son núm. 200182648, núm. 200182649 nos que achegaba méritos que non tivo en conta o tribunal polo que solicita que se lle revisen as ditas solicitudes coa correspondente documentación de méritos e se lle dea a puntuación correspondente.

Acordo: A solicitude núm. 200180768 de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 05/10/2020, corresponde á solicitude da proba selectiva de bombeiro, quenda libre, e coa que non achega ningún documento xustificativo de méritos. Os documentos 200182648 e 20182649 (data de entrada o mesmo día, 06/10/2020), foron incorporados ó expediente electrónico do proceso selectivo de condutor-bombeiro. Examinados os ditos documentos por este tribunal compróbase que indica que achega documentación xustificativa de méritos na fase de concurso para os procesos selectivos de bombeiro e condutor-bombeiro, polo que procede examinar e, no se caso, valorar a documentación aportada.

Cos citados documentos achega documentos de servizos prestados nos concellos de Ribadavia, Chantada e Toén, na Deputación de Ourense e nas empresas UTE Hasa Natutecnica, Seaga, Tragsa, pero non achega vida laboral actualizada expedida pola administración da seguridade social. Achega, tamén, certificado de ter realizado o Curso Básico de Protección Civil expedido pola AGASP.

A Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación, parágrafo sexto*” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020), sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(...). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*

O reclamante achegou documentación relativa a servizos prestados, pero non achegou a vida laboral expedida pola administración da seguridade social, requisito imprescindible para valorar os servizos prestados en aplicación da base antes citada e que este tribunal aplicou en igualdade de condicións para todos os aspirantes, polo que a puntuación por servizos prestados sería de cero puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01 Páxina 3 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Polo curso básico de protección civil que acredita outórgaselle unha puntuación de dous (2) puntos conforme á base VII das específicas de bombeiros que rexen o proceso selectivo.

Por tanto, o órgano de selección acorda estimar parcialmente a reclamación presentada e outorgar ó reclamante unha puntuación na fase de concurso de dous (2) puntos e desestimala en canto á valoración de servizos prestados.

**6.- Reclamacións presentada por Fernández Bernárdez, Arón:**

**Motivo:** Co escrito de reclamación presentado en data 08/02/2021, achega un certificado de vida laboral e un certificado de servizos prestados na administración, e solicita que se lle valoren eses méritos na fase de concurso.

**Acordo:** A Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación*” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

A documentación achegada está fóra de prazo e resulta extemporánea.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

**7.- Reclamación presentada por Fernández Quiroga, Javier:**

**Motivo:** Achega documentación xustificativa de méritos para a súa valoración

**Acordo:** Reitérase que a Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación*” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

A documentación foi presentada fóra do prazo legalmente establecido.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

**8.- Reclamacións presentada por Lameiro Couto, Carlos:**

**Motivo:** Indica na reclamación que na instancia de admisión ó proceso selectivo declarou que tiña o título do curso básico de protección civil e, agora, co escrito de reclamación de data 08/02/2021 achega copia do dito título, solicita que se lle valore este mérito.

**Acordo:** Reitérase o xa indicado anteriormente, a Base “*Décimo Terceira.- Presentación de Documentación*” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 36846/220

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 4 de 11

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Ademais, o parágrafo penúltimo da dita base ven a indicar que non se pode aportar nova documentación para acreditar méritos só alegados.

En consecuencia, está aportando documentación fóra do prazo que resulta extemporánea.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

9.- Reclamación presentada por Lodeiro Barril, Lino :

**Motivo:** Presenta escrito no que alega que no correspondente prazo de presentación de instancias aportou certificación de servizos prestados no concello de Oviedo, a cal volve a aportar novamente, e que non se lle tivo en conta, solicita que se lle recoñeza e xustifique a non valoración dos méritos.

**Acordo:** O escrito considérase como unha reclamación ante o tribunal respecto da non valoración de méritos que é na fase na que se atopa o procedemento selectivo tal como sinala a base Décimo Sexta das xerais, sen prexuízo de que a resolución que dite o tribunal poida recorrela en alzada ante o órgano que o nomeou.

A Base Décimo Terceira.- Presentación de Documentación, parágrafo sexto, das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO, 07/07/2020), sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*

No caso concreto que nos ocupa, o aspirante achegou documento acreditativo de servizos prestados do concello de Oviedo, pero non achegou a “vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social” esixida pola citada base para a valoración dos méritos.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

10.- Reclamación presentada por Lorenzo Rodríguez, Juan Manuel:

**Motivo:** Achega documentación de servizos prestados coa reclamación e indica que non era posible achegala na presentación a través de internet da solicitude de acceso a probas.

**Acordo:** Reitérase o xa indicado anteriormente, a Base “Décimo Terceira.- Presentación de Documentación” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O reclamante presentou a súa solicitude para participar no proceso selectivo en data do 03/10/2020, xunto con outra documentación o que evidencia que non existía ningún problema informático. O rexistro web municipal dispón de formularios xerais que permiten achegar documentación e subir



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 5 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>





**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

arquivos dixitais. Asemade, conforme ó artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a documentación puido tela remitido ó Concello de Vigo a través de calquera das formas que se sinalan no citado precepto.

O certificado que achega, agora, coa reclamación é de data 28/12/2020, moi posterior ó prazo de presentación de instancia. Tampouco consta que no prazo de instancias para participar no proceso selectivo, achegase ningunha solicitude a outro organismo de servizos prestados como posibilita a base antes citada.

Por último, seguiría sen aportar a vida laboral expedida pola administración da Seguridade Social, requisito que establece a cita base para valorar méritos de servizos prestados e o prazo de servizos prestados que figura no certificado agora aportado é inferior ó ano polo que tampouco podería valorárselle ningún mérito.

A documentación foi presenta fóra do prazo establecido nas ditas bases resultando extemporánea.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

**11.- Reclamación presentada por Martínez Cantabrana, Fernando:**

**Motivo:** Alega que presentou título universitario de “técnico de protección civil”, o cal aporta novamente e que se lle valore.

**Acordo:** O órgano de selección xa lle valorou o título aportado de conformidade coas bases específicas de bombeiro, apartado VII, que rexen o proceso selectivo, outorgándolle a puntuación de dous (2) puntos que establece o referido apartado por curso básico de protección civil e así figura no corresponden anuncio de puntuacións da fase de concurso publicado na web municipal.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación porque xa está valorado o mérito.

**12.- Reclamación presentada por Martínez Lemos, Pablo:**

**Motivo:** Alega que entre o 17/09/2020 e o 06/10/2020, non tiña todos os días habilitados e libres para entrega da documentación de maneira presencial no Concello e na tramitación por internet non había maneira de achegalos documentos referidos, entende vulnerados os criterios de igualdade, mérito e capacidade do artigo 55 do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que solicita novamente que se lle valore os méritos para concurso.

**Acordo:** Reitérase, a Base “Décimo Terceira.- Presentación de Documentación” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O reclamante presentou a súa solicitude para participar no proceso selectivo en data do 26/09/2020 a través da internet polo que era evidente que o sistema informático estaba operativo. O rexistro web municipal dispón de formularios xerais que permiten achegar documentación e subir arquivos dixitais. Asemade, conforme ó artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 6 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

común das administracións públicas a documentación puido tela remitido ó Concello de Vigo a través de calquera das formas que se sinalan no citado precepto. Non existe, por tanto, ningunha vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

O certificado que achega agora de servizos presentados ten data de 22/01/2021, moi posterior ó prazo de presentación de instancias polo que mal podería achegalo naquel intre. Tampouco consta que no prazo de presentación de instancia para participar no proceso selectivo, achegase ningunha solicitude a outro organismo de servizos prestados como posibilita a base Décimo Terceira antes citada.

Por último, seguiría sen aportar a vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, requisito que establece a cita base para valorar méritos de servizos prestados.

A documentación foi presenta fóra do prazo establecido na dita base resultando extemporánea.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

13.- Reclamación presentada por Moledo Filgueira, Alejandro:

**Motivo:** Alega que non se lle tiveron en conta traballos realizados no SEIS de Pontearreas e presenta novamente certificación de servizos prestados.

**Acordo:** A “Base Décimo Terceira.- Presentación de Documentación, parágrafo sexto”, das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO, 07/07/2020), sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*

Por tanto, tendo aplicado o órgano de selección o mesmo criterio para a valoración dos méritos dos demais aspirantes admitidos no proceso selectivo de acordo co establecido na dita base, é dicir, que deben ter achegado copia simple do documento que acredita os méritos xunto cunha vida laboral actualizada, non procede valorar os méritos do reclamante xa que non achegou a “vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social.”

Ademais, o tempo de servizos prestados que se indican na certificación do Concello de Pontearreas é inferior a un ano, sendo o mérito mínimo de valoración de servizos prestados o de ter un ano completo de prestación de servizos de conformidade co apartado “VII. Fase de concurso” das bases específicas de bombeiro que rexen este proceso selectivo, polo que o aspirante non acadaría ningún punto por servizos prestados.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

14.- Reclamación presentada por Niñe Otero, David:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 7 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

**Motivo:** Que presentou o día 29/01/2021, documentación de méritos no concello de Burela, pero non se lle tiveron en conta na valoración polo que alega esta circunstancia, volve a presentala e solicita se valoren os méritos alegados.

**Acordo:** A Base “Décimo Terceira.- Presentación de Documentación” da xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O reclamante presentou a súa solicitude para participar no proceso selectivo o 21/09/2020 e no prazo outorgado de presentación de instancias para participar no proceso selectivo non achegou ningunha documentación acreditativa de méritos para a fase de concurso. Con posterioridade, en datas 29/01/2021 e o 02/02/2021 presentou no Rexistro do Concello de Burela diversa documentación para a valoración da fase de méritos (entrada no Concello de Vigo, o 01 e 02 de febreiro de 2021, respectivamente). A documentación achegada está fora de prazo e resulta extemporánea.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

**15.- Reclamación presentada por Rodríguez Díaz, Ramón:**

**Motivo:** Alega que se lle valoraron os méritos con só 3,2 puntos, que achegou certificado de servizos prestados polo consorcio SPEIS, ente Provincial, e vida laboral, onde se certifica a categoría da actividade a asumir e os anos traballados neste (inicio laboral 1/06/2012 ata a actualidade). Que se teñan en conta 8 anos e 4 meses de servizos prestados no referido consorcio provincial, co que acadaría a puntuación máxima de 8 puntos por servizos prestados. Volve a achegar os certificados presentados engadindo a maiores un certificado máis actualizado ata a data, nos que se avala a dita experiencia profesional

**Acordo:** A Base Décimo Terceira.- Presentación de Documentación, parágrafo sexto, das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO, 07/07/2020), sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*

Por tanto, os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso tiñan que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

Ademais, o parágrafo penúltimo da dita base ven a indicar que non se pode aportar nova documentación para acreditar méritos só alegados.

No caso que nos ocupa, o reclamante achegou coa solicitude para participar no proceso selectivo, entrada no Rexistro do Concello de Vigo do 02/10/2020, documentación acreditativa de méritos:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 8 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>





**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

certificado de ter realizado curso básico protección civil; vida laboral da Seguridade Social de data 19/08/2020 e un certificado expedido con data 02/03/2015 por representante da empresa Mantenimento de Infraestruturas, S.A. no que indica que prestaba servizo de condutor bombeiro cunha antigüidade do 01/06/2012 e que esta empresa prestaba para o Consorcio Provincial de Pontevedra, o servizo contra incendios e salvamento.

Por tanto, tendo aplicado o órgano de selección o mesmo criterio para a valoración dos méritos dos demais aspirantes admitidos no proceso selectivo de acordo co establecido na dita base, é dicir, que debe xustificar os méritos de servizos presentados coa copia simple do documento acreditativo dos méritos e vida laboral actualizada; o tribunal só pode valorar os servizos de condutor bombeiro a cuxo período conte cos dous documentos acreditativos solicitados nas bases e, no caso que nos ocupa, o certificado emitido pola empresa abrangue o período de servizos do 01/06/2012 ata a data da súa expedición 02/03/2015 (3,2 puntos por dous anos completos).

As certificacións de servizos prestados achegadas coa reclamación (entrada no Rexistro Xeral 05/02/2021) no que acredita servizos prestados ata decembro de 2020, non poden admitirse xa que se trata de nova documentación presentada fóra do prazo legalmente establecido e, en consecuencia, extemporánea.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

16.- Reclamación presentada por Rodríguez Freitas, Antonio:

Motivo: Alega que en ningún apartado da instancia vía telemática do portal web do Concello de Vigo se podía achegar a documentación relativa á valoración do concurso de méritos deixando só a posibilidade de describir a documentación no apartado de outros títulos oficiais onde explicou que reúne as características para valorar no apartado de experiencia profesional. Que tanto en prazo como en forma reúne os requisitos establecidos. Que non se lle requiriu para subsanación da instancia. Recorre o procedemento pedindo a nulidade deste ou a valoración daquelas instancias nas cales se especifica a experiencia laboral e solicita o tribunal a “publicidade do procedemento de achegar documentación da lista definitiva”.

Acordo: O proceso selectivo réxese polas bases xerais e específicas da oferta de emprego público debidamente aprobadas e publicadas as cales vinculan a actuación dos aspirantes e deste tribunal.

A Base “Décimo Terceira.- Presentación de Documentación” das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO 07/07/2020) sinala que os documentos acreditativos ou xustificativos dos méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso teñen que presentarse no prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo (neste caso, do 17/09/2020 ata o 06/10/2020, de acordo co anuncio publicado no BOE do 16/09/2020).

O parágrafo sexto da referida Base sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01 Páxina 9 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Asemade, o parágrafo penúltimo da dita base sinala que *“non se pode aportar nova documentación para acreditar méritos só alegados”*.

Por tanto, o órgano de selección, como non podería ser doutro maneira, aplicou idéntico criterio para a valoración dos méritos de tódolos aspirantes admitidos no proceso selectivo de acordo co establecido na dita base, é dicir, que achegaran a documentación no prazo de presentación de instancias achegando copia simple do documento acreditativo dos méritos e vida laboral actualizada.

As referidas bases, en concreto, a sexta da xerais en relación co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas permite a emenda dos defectos da solicitude que sinala o citado artigo e entre os que NON ESTÁ que a administración lle teña que requirir os documentos acreditativos dos méritos. O aspirante debeu ter a dilixencia debida para achegalos nos prazos que lle outorgaban as referidas bases.

O Concello de Vigo ten un impreso web de “solicitude e taxa para a admisión a probas selectivas” e tamén dispón no rexistro web de impresos xerais para achegar e subir arquivos de documentación que estimare conveniente para achegar méritos, como así fixeron outros aspirantes.

O reclamante tivo os 20 días naturais de presentación de instancias para presentar a documentación acreditativa dos méritos en calquera das formas que prevé o artigo 16.4. da LPACAP.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.

17.- Reclamación presentada por Sanda Macho, Xurxo:

Motivo: Alega que o 04/10/2020 achegou certificación de servizos prestados para acreditar experiencia profesional para ter en conta na fase de concurso: certificados de servizos prestados na Deputación Foral de Álava, Concello de Donostia, Concello de Vitoria-Gasteiz.

Acordo: A Base Décimo Terceira.- Presentación de Documentación, parágrafo sexto, das xerais que rexen o proceso selectivo (BOPPO, 07/07/2020), sinala a documentación que teñen que presentar os aspirantes para acreditar os méritos:

*“(…). Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, os/as aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.”*

No caso concreto que nos ocupa, o aspirante achegou documento acreditativo de servizos prestados en Administracións públicas do País Vasco, pero non achegou a “vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social” esixida pola citada base para a valoración dos méritos.

Por tanto, o órgano de selección acorda desestima-la reclamación.”

O que se fai público para os efectos da súa notificación ós reclamantes, informándolles que contra este acordo do órgano de selección poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 10 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**Concello de Vigo**

**PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, DE  
PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA BOMBEIRO, 12 POR  
QUENDA LIBRE. O.E.P. 2017, 2018 E 2019 DO CONCELLO DE VIGO.**

Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación deste acordo de resolución na web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Vigo, na data da sinatura electrónica

O secretario do órgano de selección.- Secundino Otero Faílde

A presidenta do órgano de selección.- Isabel Cabeza Pereiro



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/02/2021 18:01

Páxina 11 de 11

Expediente 36846/220

CSV: 21EDDF-ABBDAC-E6532B-D7FR3T-L5NKQD-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>